

## REESCRITURA DO SILENCIO

*Devalar das esperas*<sup>1</sup> é o primeiro volume que recolle os versos de Emílio Xosé Ínsua, autor que comezou dándose a coñecer en diversas revistas e obras colectivas. Iluminado "*Coa luz que dá a ferida*" declárase o eu poético como ser ferido co lóstrego da razón extrema, da lucidez máis aguda para acompañarnos no tránsito por unha cidade -na que identificamos de seguida a presenza de Compostela- marcada co estigma da chuvia e o frío. A vivencia invernal introduce a serpe do desacougo no corazón da voz poética que busca a esperanza na palabra:

*Porque o sabor da vida é ás veces como o da cinza e doe  
e porque non nos contentamos co pan simples sobre a mesa  
remexemos longamente nas palabras para toparmos un eixo  
desde o que afrontar doadamente senrazóns e desalentos.*

Sen embargo, non procura as palabras habituais, as comúns ó ser humano, senón as íntimas que comunican dous corpos, esa mímica especial que propicia a integración noutro ser. Mais, antes de acadar a vivificadora presenza feminina, o eu poético debe saír do novelo que o encarcera: esa dor, nacida do desacougo existencial, inherente a un ser que ve como o seu tempo devala cara a morte. Sabe que de nada serve posuír palabras se estas non son cálidas e encerran no seu interior a vida, se o seu contacto non se asemella ó de outra pel:

*Hoxe teño palabras e non teño nada.  
Lembrar semella un xogo vao  
onde só se prémia lentamente  
o rolar pola alma aterecida das bágoas.*

*Para cando a harmonia  
dos corpos entrelazados?*

---

<sup>1</sup> Espiral Maior, Colección "A Illa Verde", A Coruña, 1995

Sempre "*Co sabor de cinza en min*", o eu poético declárase lastimado pola tristeza, o desamor e a derrota que se tornan gumes lacerantes, agoiros de destrucción mentres os xestos habituais comezan a ser inservíbles: "*hoxe en cada mimético aceno hai derrota/ unha lanza de frío espetada na gorxa/ parásitos de cinza e bágoas nas palabras/ latexos acompasados co alento da morte*". Neste estado de fracaso naufraga o alento e, ata a perda das vellas palabras se entende como unha nova ferida, malia teren perdido estas, xa, o seu valor comunicativo e careceren de futuro e redención:

*As palabras están-se-me a queimar neste desamor que vivo  
e eu sen palabras non aturo o frío mortal das noites,  
a coitela afiada de auséncias que corta o rosto caladamente.*

*(...)*

*Están-se-me a queimar as palabras neste desamor que vivo  
e eu sen palabras son apenas nada ou cinza,  
apenas un viño suxo, unha encrucillada sen saída.*

Abocado ó silencio máis estéril, e pese a ir "*Co incendio do amor no corazón*", o eu poético fica orfo de futuro e avanza cara o límite da existencia. Vaise achegando á fronteira abismal da morte, consciente da necesidade dunha catarse que o eleve do pozo de destrucción onde está pechado. A batalla entáblase contra un mesmo - "*Chego porfin ao limite./ Alén desta fronteira/ non cabe imaxinar máis frío,/ nen máis silencio,/ nen máis soidade./ Loito co derradeiro fio da vida/ que me ata ao sensentido*"-, nunha dualidade que enfronta á parte escura (plutoniana) do ser coa que se nutre na luz do amor (venusiana). Así sabe que, fronte á razón que o fai consciente da morte, triunfa un corazón que, axudado por unha invisible man feminina, encerra secretos impulsos vitais:

*Pois que morte son até o límite,  
morte a raigaña na que asento,  
só o teu amor apaña esperanzas  
na auga dos desterrados,  
só o teu amor acha  
entre a follaxe do real o tépedo.*

Mais, segue a ser dura a loita contra un silencio que lle impide manifestarse claramente unido *"Coa calor da pátria no canto"* pois *"Difícil é finxir gozo ou apenas esperanza/ con este silencio aferrado á alma con cadeas/ coa friaxe das horas a danzar nos ollos/ e un presente teimoso de nada desbordada"*. Enfróntase agora co reto de abandonar escravitudes atávicas. Só así é posible subverter un destino adverso que, como grei, nos ata a tempos de escuridade. Recoller os herdos do pasado, despois de impregnarnos dunha realidade telúrica que nunca nos foi allea, é o primeiro paso antes de iniciar a ruta. Logramos, deste xeito, volver á matriz primixenia de onde xermolar renacidos con forza suficiente para afrontar o futuro inédito:

*Para sumir-se na escravitude abundan gaiolas e floreiros.*

*De ti depende topar ceo e erva nos que permanecer e polos que loitar.*

*Non lle teñas medo á forza dos brazos que reclaman*

*nen á palabra que resurxe dende a tebra rachando o medo con liberdade.*

O eu poético, subvertida a negatividade do silencio, renace como un ser indestructible perante as condicións adversas: *"Como home non temo nada a non ser a morte/ e aínda a ela lle sobrepoño o que agora deixo/ -por acaso os poemas, ou aquela aperta que garda/ alguén aínda entre os seus brazos, se me quixo-*". Sabe que aportou unha nova luz nas tebras que ocultan a nosa verdadeira condición de pobo e que foi quen de trascender a súa problemática individual nunha tarefa colectiva. Lega para o futuro a reescritura do silencio que, de ser lousa mortífera, pasa a simbolizar o mutismo da voz na renacemento da comunicación táctil de dúas mans que se unen na *"Coda"*, pois, finalmente

*Cruzan-se tantas voces en cada verso*

*que afinal o único poema é o silencio*

TERESA SEARA

*A Nosa Terra*, 719, 28-3-1996, p. 24